



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE MARZO DO 2016

### Señoras e señores asistentes

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiras e concelleiros:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís.

En Padrón, sendo as dez horas do día catorce de marzo do dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

### **ÚNICO.- APROBACIÓN DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016.**

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 10 de marzo de 2016, que di:

**<<Antecedentes administrativos:**

**Primeiro.** O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou o 30 de decembro de 2015 as Bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016.

**Segundo.** O dito Plan consiste na concesión de préstamos sen xuros aos concellos, e ten por finalidade cooperar na redución do seu endebedamento e minorar os custos de mantemento das súas infraestructuras. Segundo a Circular recepciónada o 30 de decembro do 2015 na plataforma telemática de subvencións da Deputación Provincial, a cantidade asignada ao Concello de Padrón en concepto de préstamo PAI 2016 ascende a 186.934,23 €.

**Fundamentos de Dereito.**

**Primeiro.** Considerando de interese municipal destinar a totalidade do préstamo provincial a reducir o endebedamento financeiro do Concello, de acordo coa posibilidade establecida na base número 2.1 das reguladoras do PAI.

**Segundo.** Visto o informe da intervención accidental de 15 de febreiro do 2016 relativo á debeda a reducir, no que se tivo en conta a redución prioritaria daquelas operacións que xeran unha maior carga financeira ás arcas municipais e que obra no expediente como Anexo III.

**Someto ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta:**

**Primeiro.** Participar no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2016" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

**A) Redución de endebedamento**

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
CAIXABANK SA	9620 313 82535380	186.934,23 €
<b>TOTAL</b>		<b>186.934,23 €</b>

**B) Investimentos (obras ou subministracións): 0,00 €**

**C) Resumo da aplicación do préstamo provincial**

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	186.934,23 €
Subtotal inversións (obras ou subministracións)	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>186.934,23 €</b>

**Segundo.** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Terceiro.** Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Cuarto.** Facúltase expresamente ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que, como xa dixo o outro día na comisión informativa, vai votar a favor porque hai que saldar débeda dado que nestes momentos ascende a seiscentos oitenta e nove mil e pico e entende que senón se salda esta débeda a xestión política do Concello, sexan quen sexan os reponsables políticos, está amenazada. Que lle gustaría que con esa cantidade se puidese facer algún tipo de investimento porque son numerosas as obras necesarias nas diferentes parroquias do Concello, pero insiste que é prioritario nestes momentos diminuír a débeda para ter capacidade de xestión e capacidade política. Que cando se trate de cousas de interese xeral, como xa o manifestou, vai estar sempre a favor deste tipo de actuacións que benefician ao conxunto da cidadanía.

Sr. Santaló Ríos. Entende que o problema do Concello non é precisamente o endebedamento como establece o Ministerio dende Madrid, senón que o problema serían todos os déficits de infraestruturas e gustaríalle que existise un plan de investimento adicando estes cartos a solventar ou poñer as bases para solventar os graves problemas como poden ser o estacionamento, actuacións na zona da Barca, etc. Que optar por isto é satisfacer as demandas do Ministerio dende Madrid que considera prioritario o déficit cero namentras as necesidades da xente e do pobo seguen sen cubrir. Cree que unha boa parte podería ser adicada a atender estas necesidades. Que non van poñer obstáculos para que se faga pero que esta é a súa postura.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que o goberno vai ao fácil como é a redución de débeda ao igual que o ano pasado. Que eles propuxeron na comisión informativa que parte se destinara a redución de débeda pero que outra parte se destinara a investimento, como son as obras que durante todo o ano están causando custo cunha serie de mantemento máis alto que o que se vai aforrar con isto, como, por exemplo, os colectores soterrados, e tamén se poderían facer infraestruturas para evitar inundacións, como pode ser na zona da Azucarera. Engade que se o Alcalde falara coa oposición, entre todos, poderían sacar o máximo rendemento a este investimento e beneficiar aos servizos municipais, e que tivo tempo para falar con eles porque as bases da circular saíron a finais de decembro. Que non van poñer ningunha traba para destinar estes cartos á redución da débeda, pero parte debería destinarse a actualizar infraestruturas e reducir o custe de mantemento. Pide que se fale coa oposición porque senón algún día pode pasar que non se lle aprobe algo.

Sra. Rey Pazos. Considera que a redución da débeda é un tema importante que se debe de facer, pero debe valorarse se realmente compensa destinalo aí. Que vai facer unha redución moi pechada e quizais parte deste plan debería estar destinado a obras e investimentos. Insiste que cree necesario un plan de redución de débeda.

Sr. González Pardal. Di que lle dá pena que o Concello non saiba recadar eses cartos que ten por aí dispersos, como poden ser os do mercado dominical, e que estes cartos da Deputación que poderían vir para facer algunha obra no Concello se teñan que utilizar para rebaixar débeda.

Sr. Forján Seoane. Di que hai moitas actuacións pendentes de realizar e non fala de actuacións de mantemento das instalacións e do mobiliario municipal que se vai deteriorando día a día. Que son incapaces de elaborar uns novos orzamentos onde se tiña que visualizar a liña política e de actuación do goberno. Que non é certo que con isto se vaia reducir a débeda, senón que o que se vai cambiar é un préstamo por outro e vaise reducir só a parte dos xuros que se eleva á cantidade de 7.754,49 €, é dicir, aproximadamente 100 € ao mes. Que dende o grupo socialista quere instar ao grupo de goberno a que dunha vez por todas elabore uns orzamentos onde se poida ver a liña política de actuación e, ao mesmo tempo, se faga unha contención de gasto para seguir reducindo, non só os xuros, senón tamén o capital dos préstamos.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Dez (10), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e

señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

**Primeiro.** Participar no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2016" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

**A) Redución de endebedamento**

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
CAIXABANK SA	9620 313 82535380	186.934,23 €
<b>TOTAL</b>		<b>186.934,23 €</b>

**B) Investimentos (obras ou subministracións): 0,00 €**

**C) Resumo da aplicación do préstamo provincial**

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	186.934,23 €
Subtotal inversións (obras ou subministracións)	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>186.934,23 €</b>

**Segundo.** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Terceiro.** Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Cuarto.** Facúltase expresamente ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as dez horas e dezaioito minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.



O Alcalde Presidente -

Asído, Antonio Fernández Angueira



Secretaria

Asído, Ana María Ares Álvarez